



Transferencia de Crédito 005-T/21 (13/21)

Expte. Cívicas nº 2021010205

TR – 005T/2021

DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Vista a Providencia da Concellería delegada da Área de Servizos Xerais, asinada o 26/03/2021, por esta alcaldía, na que se propón dotar de crédito, por un importe global de 631.900,00 €. Indicando na refererida providencia que:

“Vista a necesidade de acometer unha serie de actuacións na área de Servizos Xerais que son postas de manifesto polo responsable do Servizo mediante informe (...) é preciso acometer unha serie de actuacións para as que a dotación orzamentaria actual é insuficiente, entre as que pode destacar a necesidade de realizar actuacións en diversos edificios e locais municipais para a revisións favorable das instalacións eléctricas de baixa tensión contratando a elaboración do correspondente proxecto técnico así como a posterior actuación sobre o inmovible que sexa precisa, sendo a relación dos inmovibles afectados (...)

Detallando o importe estimado en cada aplicación orzamentaria:

Partida	Denominación	Importe
120 9200 62200	Acondicionamento e mellora edificios municipais	449.900,00
120 9200 62300	Mobiliario	65.000,00
120 9200 62500	Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	22.000,00
	Total Transferencia Positiva	536.900,00 €

Tamén se indica que tense recibido solicitude do Servizo de Recursos Humanos sobre a necesidade de dotar de crédito na aplicación orzamentaria 120.9202.21610 para o mantemento do programa de xestión de prevención de riscos laborais “Prevenbos”, xa que segundo se indica polo Técnico en Seguridade co visto bo do Director Xeral de Recursos Humanos: “La partida desde la que se debe realizar el pago del mantenimiento no dispone del crédito suficiente (...). En consecuencia, es necesario que se transfieran 7.000 euros a la partida 120.9202.21610 (Mantenimiento de hardware y software general) (...)

Achegado, por último, informe do Director Xeral de Innovación, Tecnoloxía e Intelixencia Artificial no que se indica que “faise preciso dotar de crédito unha serie de aplicacións orzamentarias que permitan desenvolver o traballo deste centro directivo na ubicación física que lle foi asignada, dado que o crédito a nivel de bolsa de vinculación resulta insuficiente para os gastos a realizar ó seu cargo neste arranque do centro. Detállanse a continuación os importes mínimos precisos segundo as necesidades iniciais a cubrir ...

Detallando o importe estimado en cada aplicación orzamentaria:

<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
<i>Investimentos en acondicionamento do edificio municipal no que se ten ubicado a Dirección Xeral de Innovación, Tecnoloxía e Intelixencia Artificial</i>	7.600,00 €
<i>Investimento en mobiliario para o funcionamento da Dirección Xeral de Innovación, Tecnoloxía e Intelixencia Artificial</i>	19.100,00 €
<i>Investimento en equipos informáticos precisos para o funcionamento da Dirección Xeral de Innovación, Tecnoloxía e Intelixencia Artificial</i>	61.300,00 €

Constando no expediente informe asinado, en data 25/03/2021, polo Técnico de Administración Xeral e o Director Xeral de Recursos Humanos e rubricado polo Sr. Concelleiro Delegado de Recursos Humanos, o 26/03/2021, no que indica que:

*“Visto a solicitude do Alcalde de informe acreditativo da dispoñibilidade do crédito no **capítulo I** de persoal **Área de gasto 9**, e as aplicacións orzamentarias concretas nas que exista dita dispoñibilidade por importe global de 631.900,00 € para as necesidades de inversión e gasto corrente en servizos xerais.*

Infórmase que conforme ós datos proporcionados polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, tendo



en conta a evolución dos créditos e a existencia de vacantes que non foron cubertas neste período, é posible a redución das dotacións orzamentarias de gasto sen perturbación dos respectivos servizos nos seguintes importes:

1. No marco da **Área de Gasto 9** polo importe total de 631.900,00 € conforme co seguinte detalle:

APLICACIÓNS QUE PERMITEN REDUCCIÓN DE CRÉDITO		
Aplicación	Descrición	Importe
N 280-9200-12100	Complemento Destino Servizos Xerais. Retrib. C	100.000,00 €
N 280-9200-12101	Complemento Específico Servizos Xerais. Retrib. C	200.000,00 €
N 280-9201-12004	Soldos Grupo C2 Parque Móbil	81.900,00 €
N 280-9201-12100	Complemento Destino Parque Móbil. Retrib. C.	50.000,00 €
N 280-9201-12101	Complemento Específico Parque Móbil. Retrib. C	100.000,00 €
N 280-9320-12100	Complemento Destino Facenda. Retrib. C	50.000,00 €
N 280-9320-12101	Complemento Específico Facenda. Retrib. C	50.000,00 €
Total Posible Transferencias Negativas:		631.900,00 €"

Vista a Providencia do Servizo de Educación, asinada o 26/03/2021, polo Sr. Concelleiro Delegado, indicando na refererida providencia: "Vista a necesidade de acometer unha serie de actuacións no Servizo de Educación que son postas de manifesto polo responsable do Servizo mediante informe (...) faise preciso incrementar nun total de **135.000 €** ao crédito previsto nas partidas de Reparación, manten. e conservación. Edificios en (partida orzamentaria 200 3230 21200), Equipos procesos de información (partida orzamentaria 200 3230 62600), Rehabilitación de mantemento de edificios educación (partida orzamentaria 200 3230 63200) e na partida Programa de actividades de verán (partida orzamentaria 200 3230 22625) dado que o crédito resulta insuficiente para os gastos a realizar o seu cargo ata o final do exercicio. Concretamente as partidas que necesitan recibir crédito e o importe preciso é a seguinte:

Partida	Denominación	Importe
200 3230 21200	Reparación, manten. e conservación. Edificios ens	49.000 €
200 3230 62600	Equipos procesos de información	13.000 €
200 3230 63200	Rehabilitación e mantemento de edificios educación	13.000 €
200 3230 22625	Programa de actividades de verán	60.000 €"

Constando no expediente informe asinado, en data 25/03/2021, polo Técnico de Administración Xeral e o Director Xeral de Recursos Humanos, no que indica que:

"Visto a solicitude do concelleiro delegado de informe acreditativo da dispoñibilidade do crédito no capítulo I de persoal **Área de gasto 3**, e as aplicación orzamentarias concretas nas que exista dita dispoñibilidade por importe global de 135.000,00 € para as necesidades de inversión e gasto corrente en educación.

Informase que conforme os datos proporcionados polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, tendo en conta a evolución dos créditos, e a existencia de vacantes que non foron cubertas neste período, é posible a redución das dotacións orzamentarias de gasto sen perturbación dos respectivos servizos no seguinte importes:

1. No marco da **Área de Gasto 3** polo importe total de **135.000,00 €** conforme co seguinte detalle:

APLICACIÓNS QUE PERMITEN REDUCCIÓN DE CRÉDITO		
Aplicación	Descrición	Importe
N 280.3200.12101	Complemento Específico Educación. Retribución C	50.000,00 €
N 280.3200.12100	Complemento destino Educación. Retrib. C	35.000,00 €
N 280.3300.12101	Complemento Específico Cultura. Retribución C	50.000,00 €
Total Posible Transferencias Negativas:		135.000,00 €"

Visto o informe desfavorable elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (ref: JFC/067/2021), de data 05/04/2021, no que se recolle que: (...) "Por este Órgano debe informarse que **a solicitude recibida incumpe nalgunhas das aplicacións orzamentarias que se pretenden incrementar o previsto na base 14** do orzamento en vigor (prorrogado do 2020) en canto que "as transferencias de crédito poderán levar consigo a creación de novas partidas orzamentarias sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que non exista partida axeitada á natureza do gasto.
- Que supoña a apertura dun articulo ou concepto novo, dun grupo de programa xa aberto en contabilidade.
- Que respecte a estrutura orzamentaria vixente.
- Que persiga a atención de gastos xenéricos."

En primeiro lugar, porque as aplicacións orzamentarias pertencentes ó capítulo 6 do orzamento de gastos que se pretende incrementar coa transferencia de crédito non existen a día de hoxe no orzamento municipal, tal e coma se pode comprobar no orzamento prorrogado non se recollen estas aplicacións para gastos de investimentos e non está aperturado o Capítulo 6 a nivel do Grupo de Programa para o que se solicita a modificación orzamentaria, polo que a transferencia incumpliría a base 14 do orzamento en vigor, sendo ademais que as aplicación a incrementar neste Capítulo 6 non semellan ter o carácter de perseguir "a atención de gastos xenéricos" requirido neste caso, como ocorre, por exemplo, no caso das aplicacións previstas para





Concello de **OURENSE**

un novo programa 9206 "Innovación Tecn. e Intelixencia Art." que se crearía coa transferencia obxecto deste expediente e coa escasa información achegada ó expediente polo responsable dese programa.

(...) E conclúe: " De conformidade coas consideracións anteriores, observando que neste expediente non se están a cumprir os requisitos que esixen as Bases de Execución e tendo en conta, así mesmo, o previsto nestas Bases en canto ao órgano competente para aprobar as transferencias de crédito (núm 14º.4.a), por este Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria **se informa desfavorablemente** a solicitude de transferencia solicitada ..."

Emitida proposta de modificación orzamentaria 005-T/2021, utilizando a figura das transferencias de crédito, asinada por esta alcaldía, coma responsable da Área de Servizos Xerais, e polo Sr. Concelleiro Delegado do Servizo de Educación e de Facenda, en data 06/04/2021, na que se recolle:

"(...) De conformidade cas consideracións anteriores, considerando que neste expediente se están a cumprir os requisitos que esixen as Bases de Execución e tendo en conta, así mesmo, o previsto nestas Bases en canto ao órgano competente para aprobar as transferencias de crédito (núm 14º.4.a), a **proposta de resolución** que se eleva ao Sr. Alcalde-Presidente, previa conformidade dos responsables das áreas de gasto afectadas pola modificación orzamentaria e previo informe favorable da Intervención Municipal, é a seguinte

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 005-T/2021, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 3

A) APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N200.3230.21200	Reparación, mant. e conserv. Edificios Enseñanza	49.000,00
N200.3230.22625	Programa de actividades de verán	60.000,00
N200.3230.62600	Equipos procesos de información	13.000,00
N200.3230.63200	Rehabilitación e mant. edificios Educación	13.000,00
Total Transf. Positivas:		135.000,00 €

B) APLICACIÓNS QUE TRANSFIREN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N280.3200.12100	Complemento destino Educación (RC mod 202100018550)	35.000,00
N280.3200.12101	Complemento específico Educación (RC mod 202100018549)	50.000,00
N280.3300.12101	Complemento específico Cultura (RC mod 202100018551)	50.000,00
Total Transf. Negativas:		135.000,00 €

Área de gasto 9

A) APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N120.9200.62200	Acondicionamento e mellora edificios municipais	449.900,00
N120.9200.62300	Maquinaria, instalacións e utillaxe Servizos Xerais	22.000,00
N120.9200.62500	Mobiliario	65.000,00
N120.9202.21610	Mantemento hardware e software xeral	7.000,00
N120.9206.62200	Invest. Edif. Municipal Innovación Tecn. e Intelixencia Art.	7.600,00
N120.9206.62500	Invest. Mobiliario para Innovación Tecn. e Intelixencia Art.	19.100,00
N120.9206.62600	Invest. Equipos Informáticos Innovación Tecn. e Intelix. Art.	61.300,00
Total Transf. Positivas:		631.900,00 €

B) APLICACIÓNS QUE TRANSFIREN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N280.9200.12100	Complemento destino Servizos Xerais (RC mod 202100018509)	100.000,00



N280.9200.12101 Complemento específico Servizos Xerais (RC mod 202100018510)	200.000,00
N280.9201.12004 Soldos Grupo C2 Parque Móbil (RC mod 202100018511)	81.900,00
N280.9201.12100 Complemento destino Parque Móbil (RC mod 202100018512)	50.000,00
N280.9201.12101 Complemento específico Parque Móbil (RC mod 202100018513)	100.000,00
N280.9320.12100 Complemento destino Facenda (RC mod 202100018514)	50.000,00
N280.9320.12101 Complemento específico Facenda (RC mod 202100018515)	50.000,00
Total Transf. Negativas:	631.900,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e as Concellerías delegadas de Servizos Xerais e Educación para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

Visto o Oficio da Intervención Municipal (ref.: 147/21), de data 13/04/2021, no que se recolle que:

“(…) trasládase ao órgano instrutor do expediente, unha petición formal de informe relativo aos remanentes de incorporación obrigatoria ao exercicio económico do 2021, co gallo de verificar se os grupos de programa que apuntan ao capítulo VI na proposta de resolución, van ter reflexo no orzamento municipal vixente.

Por outra banda, de cara á mellora da conformación do expediente, con independencia de recordar a necesidade de axilizar os trámites para incorporar ao exercicio económico do 2021, aqueles remanentes que por estar afectados a proxectos de gastos ou contar cun financiamento alleo, representan unha capacidade de gasto susceptible de ser utilizada sen necesidade esperar ao resultado da liquidación do exercicio anterior, advírtese que non se entende na conformación do expediente administrativo remitido, a creación dun novo programa de gasto, en particular o 9206 inexistente no orzamento municipal vixente, máxime se temos en conta que a finalidade de gasto pretendida ben podería ter encaixe noutros programas xa creados, nomeadamente o 9200 e 9202, e porque está a provocar un incumprimento artificial dos requisitos establecidos nas bases de execución do orzamento”.

Visto o informe emitido polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (ref.: JFC/077/2021), de data 18/04/2021, no que se recolle que:

“(…) a situación contable e orzamentaria neste intre é moi similar a que existía no intre da tramitación do expediente 2021004849 modificación orzamentaria mediante a modalidade de transferencia de crédito TR 004T/2021, na que existindo un informe desfavorable deste Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (en termos moi similares ó emitido no actual expediente) a proposta de modificación recibida, foi emitido informe favorable polo Interventor Xeral.

(…) Sendo que a función de contabilidade non é competencia deste Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (...) Os créditos incorporados ó exercicio 2021, por calquera dos motivos validamente admitidos serán coñecidos e reflexados no orzamento 2021 cando se tramite/n o/s expediente/s administrativo/s que corresponda/n, polo que previamente a dita tramitación (...) este Órgano de Xestión Económica so pode informar que procederase a incorporar todos os remanentes de crédito de incorporación obrigatoria salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización, non podendo informar nada mais sobre o particular entre tanto non se tramite/n o/s expediente/s procedentes, cuestión esta sobre a que, en cambio, si que se ten manifestado a Intervención Xeral en expediente anterior (2021004849 – TR004/2021) sen necesidade de solicitar informe a este Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria.

(...) En canto a referencia feita polo Sr. Interventor a creación dun novo programa de gasto (9206), en primeiro lugar dicir que, o informe emitido por este Órgano en data 5/04/2021 foi desfavorable a proposta recibida indicando no informe que “sendo ademais que as aplicacións a incrementar neste Capítulo 6 non semellan ter o carácter de perseguir “a atención de gastos xenéricos” requirido neste caso, como ocorre, por exemplo, no caso das aplicacións previstas para un novo programa 9206 “Innovación Tecn. e Intelixencia Art.” que se crearía coa transferencia obxecto deste expediente e coa escasa información achegada ó expediente polo responsable dese programa”.

En segundo lugar, tendo coñecemento recentemente (buscando antecedentes para a elaboración do presente informe) este Órgano de Xestión Orzamentaria da convocatoria de postos de traballo de carácter temporal e non singularizado, coas denominacións de Enxeñeiro Senior de Datos e Software (cun máximo previsto de 17 efectivos) e Técnico de Software e Sistemas (cun máximo previsto de 3 efectivos) (expedientes 2021009042 e 2021009046), revísanse os mesmos para tratar de aclarar a cuestión plantexada polo Sr. Interventor.

Sendo que a base 59 do orzamento vixente, sobre control interno indica en canto a fiscalización limitada previa que “Así mesmo, nos termos previstos no artigo 219.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese un sistema de fiscalización limitada previa en relación coa execución dos gastos de persoal





e do estado de gastos do Consello Municipal de Deportes, limitándose a comprobar os seguintes extremos:

a) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o axeitado á natureza do gasto ou obriga que se propón contraer.

b) Que as obrigas ou gastos se xeran por órgano competente.

c) Aqueles outros extremos que, pola súa transcendencia no proceso de xestión determínense polo Pleno, por proposta do Sr. Alcalde-Presidente, de acordo co artigo 13 do RD424/2017, consideraranse, en todo caso transcendentales no proceso de xestión os extremos fixados no acordo de ministros, vixente en cada momento, con respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, nos supostos que sexan aplicables ás entidades locais, que deberán comprobarse en todos os tipos de gasto que comprende.”

Podendo observarse que en ambos expedientes consultados non se fai ningunha referencia a aplicación orzamentaria a que se vai facer a imputación do gasto que este programa pode supoñer, sendo que nos “informes” / “diligencias” da Intervención Municipal de data 16/03/2021 (ref D282/21 e D283/21, ámbolos redactados en termos moi similares) recollen o seguinte (sen ningunha referencia a importe nin aplicación orzamentaria de imputación, nun gasto anual total que pode ascender a mais de 1.100.000,00 €): (...).”

Visto o emitido pola Intervención Xeral (ref: 5-T/21), de data 27/04/2021, no que se recolle que:

“A fiscalización do expediente realízase suxeita a limitacións por mor de non ser atendida a petición formal dun informe relativo aos remanentes de incorporación obrigatoria ao exercicio económico do 2021, co gallo de verificar que os grupos de programa que apuntan ao capítulo VI na proposta de resolución, van ter reflexo no orzamento municipal vixente.

(...) No que atinxe ao cumprimento dos requisitos establecidos na base 14 das de execución do orzamento, cando esta supoña a creación de novas aplicacións orzamentarias, de feito particular :

- Que non exista partida axeitada á natureza do gasto.
- Que supoña a apertura dun articulo ou concepto novo, dun grupo de programa xa aberto en contabilidade.
- Que respecte a estrutura orzamentaria vixente.
- Que persiga a atención de gastos xenéricos.

o funcionario que subscribe, informa negativamente a proposta de resolución remitida por incluír un novo programa de gasto, en particular o 9206, que non existe na contabilidade municipal infrinxindo a prevención anteriormente expresada de que as transferencias de crédito deben perseguir a atención de gastos xenéricos.

4.- Conclusións

A proposta de transferencia de crédito número 5 en tramitación non se adecúa á regulación contida nas bases de execución do orzamento municipal vixente”.

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o número 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, tomando en consideración as indicacións recollidas no informe da intervención municipal con ref 5-T/21 e como antecedente o expediente 2021004849 no que se ten aprobado a modificación orzamentaria 4T/2021, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 005-T/2021, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 3

A) APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N200.3230.21200	Reparación, mant. e conserv. Edificios Enseñanza	49.000,00
N200.3230.22625	Programa de actividades de verán	60.000,00
N200.3230.62600	Equipos procesos de información	13.000,00



N200.3230.63200	Rehabilitación e mant. edificios Educación	13.000,00
Total Transf. Positivas:		135.000,00 €

B) APLICACIÓNS QUE TRANSFIREN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N280.3200.12100 (RC mod 202100018550)	Complemento destino Educación	35.000,00
N280.3200.12101 (RC mod 202100018549)	Complemento específico Educación	50.000,00
N280.3300.12101 (RC mod 202100018551)	Complemento específico Cultura	50.000,00
Total Transf. Negativas:		135.000,00 €

Área de gasto 9

A) APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N120.9200.62200	Acondicionamento e mellora edificios municipais	457.500,00
N120.9200.62300	Maquinaria, instalacións e utillaxe Servizos Xerais	22.000,00
N120.9200.62500	Mobiliario	84.100,00
N120.9202.21610	Mantemento hardware e software xeral	7.000,00
N120.9202.62600	Plan Informatización	61.300,00
Total Transf. Positivas:		631.900,00 €

B) APLICACIÓNS QUE TRANSFIREN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N280.9200.12100 (RC mod 202100018509)	Complemento destino Servizos Xerais	100.000,00
N280.9200.12101 (RC mod 202100018510)	Complemento específico Servizos Xerais	200.000,00
N280.9201.12004 (RC mod 202100018511)	Soldos Grupo C2 Parque Móbil	81.900,00
N280.9201.12100 (RC mod 202100018512)	Complemento destino Parque Móbil	50.000,00
N280.9201.12101 (RC mod 202100018513)	Complemento específico Parque Móbil	100.000,00
N280.9320.12100 (RC mod 202100018514)	Complemento destino Facenda	50.000,00
N280.9320.12101 (RC mod 202100018515)	Complemento específico Facenda	50.000,00
Total Transf. Negativas:		631.900,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e as Cellerías delegadas de Servizos Xerais e Educación para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

